

CARRAL

DATOS

SUPERFICIE: 48 km.²

POBOACIÓN: 5.184 habitantes.


DENSIDADE: 108 habitantes x Km.²

LÍMITES: Abegondo, Cambre, Cerceda,
Ordes e Culleredo.



Concellería de Cultura, Deportes,
Ensino e Formación Ocupacional
do Concello de Carral

Gráficas LOMAR - Tlf. 66 12 68 - EL BURGO
D.L. C-45/89



CONCELLO DA LEALTADE

ESCUDO HERÁLDICO DO CONCELLO DE CARRAL

* FORMA DO ESCUDO

O Escudo e do tipo normalizado como ESPAÑOL. Isteas escudos teñen unhas normas heráldicas vixentes que as respeitamos en toda a súa totalidade.

O ancho do Escudo é igual ao diámetro máximo da Coroa Real. A altura do mesmo é igual a multiplicar a medida do ancho por un coma vinte ou, como máximo, un coma vintecinco. A parte baixa do Escudo e rematada en redondo ou sexa, medio punto.

Iste Escudo é proxectado de acordo coas normas vixentes sobre Heráldica.

* COROA REAL

O Escudo, na parte alta, vai coroadado cunha Coroa Real española, a cal conserva tódolos córes e detalles de debuxo coma é no Escudo de España e no de Galicia.

Iste privelexio para que Carral poida coroa-lo seu Escudo de Armas coa Coroa Real, débese ó feito de que os Reis Católicos no ano 1497, outorgaron a ista Vila a CARTA DE PUEBLA REAL, pola cal quedou libre do Señorío dos Arcebispos de Santiago.

* BORDADURA E OITO ASPAS

Istes privelexios foron concedidos á ista Vila de Carral, e as súas xentes, polo Rei Fernando III, pai de Alfonso X El Sabio, pois os homes desta Vila asistiron con Fernando III á sonada e célebre toma da cidade de Baeza, o día de San Andrés do ano 1227, polo cal lles otorgou, ademais do dictado de LEALTAD, a bordadura de gules con oito aspas de ouro, para as súas primitivas armas que eran as dúas veneras de Santiago sobre prata.

A bordadura é debuxada, a teor das normas, cun ancho equivalente a sexta parte do ancho do Escudo, e as oito aspas repartidas, no medio da bordadura, equidistantes entre elas.

* CAMPO DO ESCUDO

O Campo do Escudo píntase en azur para conserva-la semellanza ca cor do Campo no Escudo de Galicia.

* DÚAS VENERAS DE PRATA

As dúas conchas, ou veneras de Santiago, das cales xa escribimos denantes, acóoganse no frente do Escudo por ser a parte máis importante do mesmo.

* CINCO ROEIS

Os cinco roeis representan os cinco castros existentes no territorio municipal. Non debemos esquerer que os castros foron, dende a antigüidade, os lugares onde habitaron os devanceiros poboadores do Concello de Carral, o mesmo que en tódalas bisbarras galegas.

No territorio municipal de Carral, existen os castros seguintes:

Gosende, na parroquia de Tabeao; **Ameás**, na de San Vicenzo de Vigo; **Balbén**, en Santa Aida de Cañas; **Paiolante**, en San Pedro de Quembre e a **Eira dos Muros**, nas Travesas da parroquia de Santa Mariña de Beira.

Os cinco castros, representados por cinco roeis de prata, sitúanse tres no frente do Escudo e dous no medio para protexe-la torre, da mesma maneira que estivo á soceder na realidade de histórica.

* UNHA TORRE

No medio do Escudo, sitúase unha torre de cor natural. Ista torre simboliza os dez pazos existentes no territorio que está á campor o Municipio de Carral. Isteas pazos tiveron unha grande importancia na Historia de Galicia, debido as familias de nobreza galega que os construíron e viviron neles.

Os dez pazos más importantes do Concello son: **Cabancas**, **Esperante** e **Ribeira**, na parroquia de San Pedro de Quembre; **Cañas**, en Santa Aida de Cañas; **Vilasuso**, en Santiago de Sumío; **Gundisal**, ou Canedo, mailo de **Herves** na parroquia de Santa Mariña de Beira e **San Vicenzo**, **Taramuño** e **Balbén**, na parroquia de San Vicenzo de Vigo.

* AS OITO PARROQUIAS

O Apóstolo San Andrés, irmán de San Pedro, foi torturado en Pratas e cravado nunha cruz en forma de equis, polo cal a estas cruces se lles chama: Cruz de San Andrés.

Polo tanto, as oito aspas de bordadura, ó mesmo tempo, son oito cruces católicas as cales tamén simbolizan, no Escudo, as oito parroquias que forman actualmente o Concello de Carral, e son as seguintes:

Santa Aida de Cañas, San Estebo de Paleo, San Pedro de Quembre, San Xiao de Sergude, Santiago de Sumío, San Martín de Tabeao, Santa Mariña de Beira e San Vicenzo de Vigo.

CARRAL, CONCELLO DA LEALTADE

Naqueles escritos saídos da Corporación Municipal tamén se poderá escribir neles:

CARRAL, CONCELLO DA LEALTADE, por haber sido outorgado polo devandito Monarca Fernando III.

O Escudo non deberá levar ningunha lectura, para respetar as vixentes normas sobre heráldica.

PEDRO CARRO CARRO

DIARIO OFICIAL DE GALICIA

N.º 105, Venres, 2 de xuño de 1989

Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Decreto 86/1989, do 16 de febreiro, polo que se aproba o escudo heráldico do Concello de Carral (A Coruña).

O Concello de Carral, da provincia da Coruña, considerou conveniente adopta-lo seu escudo heráldico municipal para perpetuar, con simboloxía adecuada e conforme ás normas da heráldica, os feitos más relevantes e peculiares do seu pasado histórico. Para iso, e de acordo coas facultades que lle confiren as disposicións legais vixentes elevou o correspondente informe e memoria descriptiva para a súa aprobación definitiva.

O expediente instruíuse conforme ás normas de procedemento establecidas na Lei de Réxime Local e más no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións locais.

Na súa virtude, a proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaseis de febreiro de mil novecentos oitenta e nove.

DISPOÑO:

Artigo único.- Aproba-lo escudo heráldico do Concello de Carral.